

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020064	Carlos Oroza	Pontevedra	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0171	Estrutura do mercado turístico	2018/2019	4	133	133

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JOSÉ DURÁN GÓMEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo Estrutura do mercado Turístico, pertencente ao Ciclo Superior de Xestión de Aloxamentos Turísticos tomado como referencia o Decreto 55/2010, do 18 de marzo, polo que se establece o título de Técnico Superior en Xestión de Aloxamentos Turísticos e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e ás características do contorno sociocultural do centro.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, Competencia xeral e Competencias profesionais, persoais e sociais e que se concretan no Decreto do Currículo como segue:

Perfil profesional do título:

O perfil profesional do título de técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Competencia xeral:

A competencia xeral deste título consiste en organizar e controlar establecementos de aloxamento turístico, aplicando as políticas empresariais establecidas, controlando obxectivos dos departamentos, accións comerciais e os resultados económicos do establecemento, prestando o servizo na área de aloxamento e asegurando a satisfacción da clientela.

Este profesional exerce a súa actividade habitualmente no sector turístico, nomeadamente no subsector dos aloxamentos turísticos hoteleiros e extrahoteleiros, incluíndo tamén algúns tipos afíns, como as residencias sanitarias, hospitalarias e de estudantes, entre outras, independentemente da súa modalidade.

Trátase de persoal traballador fundamentalmente por conta allea, dado o grande investimento en inmovilizado que adoita supor o aloxamento, e que exerce as súas actividades en labores de xestión, dirección e supervisión en áreas funcionais de recepción, reservas, pisos e eventos.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Subdirector/ora de aloxamentos de establecementos turísticos.

Xefe/a de recepción.

Encargado/a de reservas.

Xefe/a de reservas.

Coordinador/ora de calidade.

Gobernante/a ou encargado/a xeral do servizo de pisos e limpeza.

Subgobernante/a ou encargado/a de sección do servizo de pisos e limpeza.

Xestor/ora de aloxamento en residencias, hospitais e similares.

Xestor/ora de aloxamento en casas rurais.

Coordinador/ora de eventos.

Xefe/a de vendas en establecementos de aloxamentos turísticos.

Comercial de establecementos de aloxamentos turísticos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar o obxectivo xeral c) do ciclo formativo, e as competencias b) e c) do título.

Obxectivo xeral : Analizar o sector turístico identificando os tipos de establecementos, os destinos turísticos e as tendencias da demanda, para detectar oportunidades de negocio.

As competencias profesionais, persoais e sociais:

Detectar oportunidades de negocio e novos mercados, e aplicar métodos innovadores, analizando as alternativas de investimento e financiamento ligadas a eles.

Analizar o mercado e comercializar o produto base propio do aloxamento, así como os servizos e os produtos complementarios, xestionando as



reservas con criterios de eficiencia empresarial.

Isto permitiranos traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

O CIFP Carlos Oroza forma parte da rede de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia. Ten implantado un Sistema de Xestión de Calidade.

Está situado na cidade de Pontevedra. A súa cidade vella ten un gran atractivo turístico e destaca polo seu valor cultural, artístico e relixioso, recibindo un importante número de viaxeiros cada ano, tanto nacionais como extranxeiros.

Os servizos de turísticos, entre eles os de aloxamento, conforman unha importante fonte de ingresos para a cidade, podendo atopar representación de establecementos hoteleiros e extrahoteleiros.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	CONTEXTUALIZACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO	Definiremos os conceptos básicos do turismo e a súa evolución, efectos desta actividade, elementos e características do mercado turístico e tendencias actuais. Aplicación das novas tecnoloxías no sector.	17	10
2	ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS RELACIONADAS CO SECTOR TURÍSTICO	Identificación e caracterización de entidades públicas e privadas relacionadas co sector turístico.	9	5
3	TIPOLOXÍAS TURÍSTICAS I	Identificaremos as características do turismo MICE, o turismo cultural e o turismo de saúde e benestar.	18	10
4	TIPOLOXÍAS TURÍSTICAS II	Identificaremos as características do turismo relixioso, o turismo de natureza, o turismo activo, o turismo de sol e praia, o turismo de shopping e o turismo de parques temáticos.	17	10
5	A OFERTA BÁSICA	Caracterizaremos os subsectores de aloxamento turístico, transporte e intermediación.	20	20
6	A OFERTA COMPLEMENTARIA	Caracterizaremos os servizos de información e asistencia turísticas, restauración, organización de eventos, ocio e tempo libre e outros.	16	15
7	O NÚCLEO TURÍSTICO	Identificaremos os distintos tipos de núcleos turísticos e os seus elementos (recursos e infraestruturas).	16	10
8	A DEMANDA	Caracterizaremos a demanda turística, identificaremos as tipoloxías de demanda e calcularemos a elasticidade en distintos supostos. Definiremos o concepto de estacionalidade identificando os seus efectos e proporemos distintas medidas ou accións de desestacionalización. Asemado, analizaremos a demanda turística internacional e nacional.	20	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	CONTEXTUALIZACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO	17

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os elementos básicos que caracterizan o sector turístico.
CA1.2 Analizouse a evolución do turismo.
CA1.4 Valorouse a importancia da actividade turística respecto ao desenvolvemento económico e social do núcleo turístico.
CA1.5 Identifíronse os encontros estatais e internacionais en materia de turismo, e a súa importancia para o sector.
CA1.6 Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no sector turístico e o seu impacto como elemento dinamizador.
CA1.7 Valorouse a importancia da profesionalidade no contorno da profesión turística.
CA2.6 Descríbonse as vantaxes e os inconvenientes do desenvolvemento turístico dunha zona.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos do turismo: turismo, turista, visitante, excursionista, etc.
Evolución do turismo.
Principais eventos locais, autonómicos, estatais e internacionais en materia de turismo.
Valoración da actividade turística no desenvolvemento dun núcleo de poboación.
Valoración das novas tecnoloxías como fontes de información e promoción turística.
Valoración da persoa profesional do turismo no ámbito da súa profesión.
Impactos económicos, sociais, culturais e ambientais do turismo a nivel local, autonómico, estatal e internacional.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS RELACIONADAS CO SECTOR TURÍSTICO	9

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse e caracterízanse as institucións públicas e privadas relacionadas co sector turístico.
CA1.3.1 Identifícanse e caracterízanse as institucións públicas e privadas de ámbito internacional relacionadas co sector turístico.
CA1.3.2 Identifícanse e caracterízanse as institucións públicas e privadas de ámbito autonómico relacionadas co sector turístico.
CA1.3.3 Identifícanse e caracterízanse as institucións públicas e privadas de ámbito estatal relacionadas co sector turístico.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Entidades públicas e privadas de ámbito local, autonómico, estatal e internacional relacionadas co sector turístico.
C1.4 - Entidades públicas e privadas de ámbito internacional relacionadas co sector turístico.
C1.4 - Entidades públicas e privadas de ámbito estatal relacionadas co sector turístico.
C1.4 - Entidades públicas e privadas de ámbito local e autonómico relacionadas co sector turístico.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	TIPOLOXÍAS TURÍSTICAS I	18

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Definíronse as tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.
CA2.1.1 Definiuse o turismo MICE en relación coas súas características básicas.
CA2.1.2 Definiuse o turismo cultural e as súas modalidades en relación coas súas características básicas.
CA2.1.3 Definiuse o turismo de saúde e benestar en relación coas súas características básicas.
CA2.2 Localizáronse as tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica.
CA2.2.1 Localizáronse as seguintes tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica: turismo MICE, turismo cultural e turismo de saúde e benestar.
CA2.3 Relacionáronse os factores que inflúen na localización espacial segundo o tipo de turismo da zona.
CA2.4 Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas estatais.
CA2.5 Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas internacionais.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Modalidades do turismo.
Tipoloxías turísticas (sol e praia, cultural, deportivo, rural, de grandes eventos, etc.), e as súas características (factores que inflúen na súa localización espacial).
Turismo MICE
Turismo cultural.
Turismo de saúde e benestar.
Localización xeográfica das principais tipoloxías turísticas.
Localización xeográfica do turismo MICE
Localización xeográfica do turismo cultural.
Localización xeográfica do turismo de saúde e benestar.
Tendencias das tipoloxías turísticas estatais e internacionais.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	TIPOLOXÍAS TURÍSTICAS II	17

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Definióense as tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.
CA2.1.4 Definiuse o turismo de natureza en relación coas súas características básicas.
CA2.1.5 Definiuse o turismo activo en relación coas súas características básicas.
CA2.1.6 Definiuse o turismo rural e as súas modalidades en relación coas súas características básicas.
CA2.1.7 Definiuse o turismo relixioso en relación coas súas características básicas.
CA2.1.8 Definióense outras tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.
CA2.1.9 Definiuse o turismo de sol e praia en relación coas súas características básicas.
CA2.2 Localizáronse as tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica.
CA2.2.2 Localizáronse as seguintes tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica: turismo relixioso, de natureza, activo, rural, de sol e praia e outros.
CA2.3 Relacionáronse os factores que inflúen na localización espacial segundo o tipo de turismo da zona.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Tipoloxías turísticas (sol e praia, cultural, deportivo, rural, de grandes eventos, etc.), e as súas características (factores que inflúen na súa localización espacial).
Turismo relixioso.
Turismo de natureza
Turismo activo.
Turismo rural
Turismo de sol e praia
Outras tipoloxías turísticas.
Localización xeográfica das principais tipoloxías turísticas.
Localización xeográfica do turismo relixioso, activo, de natureza, rural, de sol e praia e outros.
Tendencias das tipoloxías turísticas estatais e internacionais.







#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A OFERTA BÁSICA	20

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Caracterizáronse as canles de intermediación turística, así como os novos sistemas de distribución.
CA3.4 Diferenciáronse as empresas de aloxamentos turísticos segundo a súa tipoloxía e as súas características básicas.
CA3.4.1 Diferenciáronse as empresas de aloxamentos turísticos ubicadas no territorio galego segundo a súa tipoloxía e as súas características básicas, e caracterizouse a oferta de aloxamentos en Galicia.
CA3.4.2 Diferenciáronse as empresas de aloxamentos turísticos segundo a súa tipoloxía e as súas características básicas.
CA3.5 Identificáronse os medios de transporte de carácter turístico e os servizos ligados a eles.
CA3.5.1 Identificáronse os medios de transporte de carácter turístico que operan no territorio galego e os servizos ligados a eles.
CA3.5.2 Identificáronse os medios de transporte de carácter turístico e os servizos ligados a eles.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Intermediación turística. Canles de distribución.
Empresas de aloxamentos turísticos.
Medios de transporte turísticos.
A oferta turística en Galicia.
A oferta básica en Galicia.



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A OFERTA COMPLEMENTARIA	16

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.6 Caracterizouse a oferta complementaria.
CA3.6.1 Caracterizouse a oferta complementaria.
CA3.6.2 Caracterizouse a oferta complementaria en Galicia.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Oferta complementaria. Empresas de restauración turística. Servizos diversos.
A oferta turística en Galicia.
A oferta complementaria en Galicia.



#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	O NÚCLEO TURÍSTICO	16

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase o mercado turístico e as súas características.
CA3.2 Defínense a oferta turística xunto cos seus elementos e a súa estrutura básica.
CA3.7 Descríbense as peculiaridades do núcleo turístico.
CA3.7.1 Descríbense as peculiaridades do núcleo turístico.
CA3.7.2 Descríbense as peculiaridades dun núcleo turístico concreto.
CA3.8 Valorouse a importancia do turismo na economía do núcleo turístico.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
O mercado turístico e as súas características.
Oferta turística: elementos e estruturas.
Núcleo turístico: características. Recursos turísticos.
Importancia económica do turismo para o núcleo turístico.



#### 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A DEMANDA	20

#### 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO
RA4 - Caracteriza a demanda turística en relación cos factores e os elementos que a motivan, así como as súas tendencias actuais.	SI

#### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse os factores que inflúen na demanda, a incidencia que se pode ter sobre eles e a súa distribución.
CA4.1 Conceptualizáronse e determináronse os factores da demanda turística.
CA4.2 Clasificouse a clientela pola súa tipoloxía e a súa nacionalidade.
CA4.3 Descríbense os elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda.
CA4.4 Caracterizáronse as principais motivacións da demanda turística.
CA4.5 Analizouse a metodoloxía de compra segundo o tipo de clientela.
CA4.6 Caracterizouse a estacionalización da demanda e as técnicas de desestacionalización.
CA4.7 Investigáronse as tendencias actuais da demanda, así como os mercados emerxentes.
CA4.8 Valorouse a importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda turística.

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Factores que interveñen na demanda e incidencia que se pode exercer sobre eles.
Demanda turística: definición e caracterización.
Factores que interveñen na súa determinación.
Elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda turística
Clientela: tipoloxía, características e comportamentos de compra.
Motivacións da demanda turística.
Estacionalidade da demanda. Accións de desestacionalización.
Tendencias actuais da demanda turística.
Valoración da importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación significativa nas actividades a desenvolver.

O conxunto de mínimos exigibles son os criterios de avaliación expresados en cada unidade didáctica como mínimos e, para acadar a avaliación positiva, o alumnado terá que obter, na súa avaliación, a lo menos, o 50% da valoración máxima outorgada a dito criterio.

Para superar o módulo, o alumnado deberá poder contextualizar o sector turístico, identificar as tipoloxías turísticas en relación coa demanda, analizar e caracterizar a oferta e a demanda turística así como, os elementos que as integran.

Estes mínimos serán a referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento de avaliación ordinaria do módulo.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cada unidade didáctica será cualificada do 0 ao 10. Para construír a nota de cada UD terase en conta o peso asignado a cada criterio de avaliación no apartado 4.c deste documento.

### AVALIACIÓNS PARCIAIS

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas.

En canto aos instrumentos de avaliación, empregaranse os recollidos no apartado 4c referido a cada unidade didáctica.

En cada avaliación parcial, cada unidade didáctica desenvolvida e avaliada na súa totalidade será cualificada do 0 ao 10. A cualificación de cada avaliación parcial, expresada en escala do 1

ao 10, será o resultado da media aritmética obtida polas cualificacións de cada unha das unidades didácticas tratadas e avaliadas no período.

Para acadar a avaliación positiva, o alumnado terá que obter, en cada unidade didáctica unha nota igual ou superior a 5. Ademais, independentemente, deberá de obter, a lo menos, o 50% da

valoración máxima outorgada aos criterios de avaliación considerados como mínimos exigibles.

### AVALIACIÓN FINAL DE MÓDULO

A cualificación final de módulo calcularase mediante a media ponderada (en función do peso de cada unidade didáctica sobre o módulo) das cualificacións obtidas en cada unha das unidades didácticas. Será requisito indispensable para acadar a avaliación positiva final de módulo, ter unha cualificación igual ou superior ao 5 en cada unha das unidades didácticas.

A cualificación final do módulo coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial, segundo o artigo 34 da Orde do 12 de xullo de 2011.



No caso dos alumnos e alumnas que non superen algunha das probas parciais a puntuación máxima que poderá asignarse na terceira avaliación parcial será de catro puntos.

Só se cualificarán as tarefas e actividades de avaliación entregadas ou realizadas no tempo e forma esixidos nas súas instrucións, que se entregarán por escrito ao alumnado.

Todos os documentos obxecto de cualificación quedan en poder do profesorado, xa que forman parte de cualificación do alumnado.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Durante o período ordinario, para a recuperación de cada avaliación non superada, programaranse actividades e traballos dirixidos que permitan ao alumno/a adquirir as capacidades non acadadas e cumprir cos mínimos esixidos. No seu caso o alumno ou alumna deberá presentar os traballos correspondentes non presentados no momento.

Estas actividades e traballos organizaranse de forma personalizada.

A avaliación final farase durante o desenvolvemento das actividades de recuperación.

Terán un carácter de síntese e a variedade de actividades irá en función das necesidades de formación e repaso de cada un dos alumnos/as que non acadaron os mínimos esixibles para unha avaliación positiva, ó longo do curso.

A ter en conta:

- 1) De non ter aprobadas todas as avaliacións, os alumnos e alumnas deberán recuperar aquelas avaliacións que estean suspensas no período estipulado.
- 2) As probas, por regra xeral, serán cuestionarios tipo test, de preguntas a desenvolver ou cuestións curtas, ou ben traballos ou proxectos a presentar de xeito oral ou escrito.
- 3) Traballos e exercicios prácticos propostos: Valorarase a iniciativa, o esforzo e a autosuficiencia na busca de información e no manexo de bibliografía especializada. Terase en conta a presentación, a capacidade crítica, a capacidade comunicativa e a organización na exposición.
- 4) O alumnado que non supere a proba de recuperación de calquera das avaliacións en período ordinario, deberá examinarse, no seu caso, nas probas extraordinarias ao efecto.

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

Realizarase un informe de avaliación individualizado.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Terase en conta o establecido na Resolución do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/19.

"O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde o 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na dita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente."



O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá nunha proba inspirada no 100 % dos resultados de aprendizaxe do módulo, para a que servirán asemade como referencia, as actividades realizadas durante o desenvolvemento da formación do módulo.

Esta proba constará de dúas partes : A primeira fará referencia aos criterios de avaliación relacionados con contidos conceptuais. A segunda consistirá na resolución de supostos prácticos. Cada unha delas será cualificada de 0 a 10 puntos e, para acadar a avaliación positiva, o alumnado deberá obter como mínimo un 5 en cada unha das partes.

A nota do módulo neste caso calcularase mediante a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das dúas probas.

Perda do dereito a avaliación continua :

a. Para a perda de avaliación continua teranse en conta tanto as faltas xustificadas como as non xustificadas. Ao alumnado de Ciclos Formativos de grado medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: O número de faltas inxustificadas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas.

Atendendo as circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, establécese para todos os módulos a través do NOF, un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe nun 10% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna, para cada módulo que curse, non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 10% xustificado, podendo chegar cos dous conceptos ata o 20% no curso académico.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizarase o modelo do procedemento de Programación establecido utilizando a plataforma habilitada a tal efecto.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- O grao de competencias en relación á avaliación inicial.

Para a avaliación da práctica docente terase en conta o cumprimento dos items que figuran nas enquisas de satisfacción da labor docente, e a valoración realizada polo alumnado. Tamén se valorarán as melloras feitas na programación, anotadas nos seguimentos mensuais na aplicación informática, que servirán de base para a elaboración da programación de cursos posteriores.



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo, durante a segunda quincena do curso se facilitará, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Igualdade de trato. De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de



consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos e alumnas un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres, ...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnado de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Integración do alumnado con discapacidade.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita guiada pola Comarca do Salnés

- Asistencia a foros, congresos e clases de expertos, dentro ou fora do centro, en temas asociados ao módulo e o ciclo formativo
- Desenvolver actividades de posta en valor de novos produtos turísticos galegos. Camelia, Geodestinos, outros (Deseñar e montar stands de exhibición baseados nos novos produtos, e promover a promoción e información mediante exposicións e comunicación directa co público)
- Asistencia a charlas de formación, talleres, visitas e actividades orientadas á Diversidade Funcional con asociacións (ONCE, Audición, Xoan XXIII)
- Visita guiada a Santiago de Compostela : catedral, prazas e museos ou exposicións por determinar, así como a aloxamentos turísticos
- Viaxe de 2-3 días por unha zona de interese turístico en Galicia/ España.
- Asistencia e colaboración na organización de xornadas profesionais/Mesa redonda sobre o sector do turismo.
- Visita guiada de día completo a zonas de interese valor turístico de Galicia
- Asistencia a feiras turísticas , xornadas gastronómicas ou de temática de interese para o alumnado
- Visita a diferentes aloxamentos turísticos

## 10. Outros apartados

### 10.1) INFORMACIÓN AO ALUMNADO SOBRE A PROGRAMACIÓN

Comentarase de forma verbal ao alumnado presente na aula o contido da programación, facendo fincapé nos seguintes puntos:

- Obxectivos, competencias e criterios de avaliación.
- Criterios de cualificación.

-A versión do alumnado, desta programación, está á súa disposición na web do centro.

Os alumnos e alumnas asinarán un documento conforme foron informados de todos os puntos desta programación así como, onde poden consultar a versión do alumnado da mesma

### 10.2) TIC

Recursos TIC.

- Aula polivalente.
- PC e conexión a internet.
- Pantalla de proxección e canón.